

NOVEMBRO 2023- XUÑO 2024
CICLO DE CONFERENCIAS. PASADOS
INCÓMODOS: GUERRA, MEMORIA E
HISTORIA



O Grupo de Investigación HISTAGRA continuou co ciclo de conferencias PASADOS INCÓMODOS: GUERRA, MEMORIA E HISTORIA, no que participaron especialistas da historia, estudos culturais, socioloxía, xudicatura e do pensamento para analizar o pasado e a memoria, así como o seu tratamento presente.

O Grupo de Investigación HISTAGRA (<http://histagra.usc.gal>) ten como un dos seus principais obxectivos o estudo do golpe de 1936, a Guerra Civil, o franquismo e a transición política en España e neste marco de investigación se desenvolverá o ciclo de conferencias. A experiencia investigadora e profesional de cada un dos conferenciantes é contrastada o que supón compartir unha experiencia de investigación e posta en valor dun tema como é o do pasado da guerra e a memoria que segue a ser un dos vértices das políticas públicas e da investigación histórica.

Financiado con:



UNIÃO EUROPEIA

Fundo Europeu de
Desenvolvimento Regional

Damos continuidade ao ciclo que comezamos en NOVEMBRO de 2023 e que se pode recuperar na súa totalidade na ligazón: <https://histagra.usc.es/es/novas/984/ciclos-de-conferencias-histagra-2023-2024-pasados-incomodos-y-seminarios-de-investigacion>

RELATORXS

 CONFERENCIA QUERALT SOLÉ  Reflexións históricas ao redor do val de Cuelgamuros Facultade de Xeografía e Historia Mércores 8 de novembro de 2023. 19:00 h. Aula 13 GRUPO HISTAGRA 2023-2024 Colabora VOICES Red VOICES. Violencia, Identidad y Conflicto en la España del Siglo XX	Relatora: Queralt Solé Título: Reflexións históricas ao redor do val de Cuelgamuros Día: 08/11/2023 Hora: 19 h. Lugar: Facultade de Historia. Aula 13.	Reseña biográfica Doutora en Historia Contemporánea, pola Universitat de Barcelona, coa tese: “As fosas comúns en Cataluña 1936-1939”, exerce como profesora desta materia nesta mesma Universidade. Especialista en violencia durante a Guerra Civil e o franquismo, especialmente en temas relacionados coa represión, o exilio e a memoria, é a máxima experta en Cataluña sobre as fosas comúns e os desaparecidos da Guerra Civil. Por este motivo, foi responsable da unidade de fosas comúns do memorial Democrático de Cataluña, e tamén foi unha das 7 persoas que formou parte da Comisión de Expertos que creou o xuíz Baltasar Garzón para asesoralo nestas cuestións. Interviu en campañas de escavación cun equipo interdisciplinario da UB, dentro da campaña do Proxecto de Investigación outorgado polo Departamento de Cultura da Generalitat de Cataluña.
--	--	---

Financiado con:



UNIÃO EUROPEIA

Fundo Europeu de
Desenvolvemento Regional

 MESA REDONDA EQUIPO PLAN MEMORIA DEMOCRÁTICA DE GALICIA Reflexións ao redor dos traballos desenvolto en Galicia en aplicación do Plan de Memoria Democrática 2021-2024 Facultade de Xeografía e Historia Mércores 13 de decembro de 2023. 18:00 h. Aula 8 GRUPO HISTAGRA 2023-2024 Colabora VOICES New VOICES. Violencia, Identidad y Conflicto en la España del Siglo XX	Relatorxs: Equipo do Plan de Memoria Democrática de Galicia Título: Reflexións ao redor dos traballos desenvolto en Galicia en aplicación do Plan de Memoria Democrática 2021-2024 Día: 13/12/2023 Hora: 18 h. Lugar: Facultade de Historia. Aula 8.	Reseña biográfica En agosto de 2021 asinouse entre a Xunta de Galicia, e a USC, un convenio para por en marcha o Plan Cuatrienal de Memoria Democrática, seguindo o impulso da Secretaría de Estado de Memoria Democrática. A través desta iniciativa procedeuse á exhumación de diferentes fosas da violencia franquista en Galicia. Para levar a cabo este traballo, o equipo formado por historiadores, antropólogos forenses, arqueólogos e xenetistas traballa na investigación sobre o pasado de violencia en Galicia, coa experiencia que nos abala o proxecto nomesevoces.net. Entre 2021 e 2023 realizáronse os traballos de investigación e exhumación das fosas de Vilagarcía de Arousa, Crecente, Celanova, Lousame, A Capela, Viana do Bolo, Oza-Cesauras e Narón. O Plan integra tres liñas estratéxicas das políticas públicas de Memoria Democrática: Exhumación, Divulgación e recoñecemento
--	--	--

Financiado con:



UNIÃO EUROPEIA

Fundo Europeu de
Desenvolvemento Regional

 CONFERENCIA JOSÉ RAMÓN ROQUDRÍGUEZ LAGO Memorias e desmemoria. A Igrexa católica durante o franquismo Facultade de Xeografía e Historia Mércores 7 de febreiro de 2024. 18:00 h. Aula 14 GRUPO HISTAGRA 2023-2024 Colabora CISPAC Centro de Investigación Interdisciplinaria das Patrimonio e Historia Cultural	Relator: José Ramón Rodríguez Lago (UdV) Título: Memorias e desmemoria. A Igrexa católica durante o franquismo Día: 07/02/2024 Hora: 18 h. Lugar: Facultade de Historia. Aula 14.	Reseña biográfica José Ramón Rodríguez Lago é profesor titular da Universidade de Vigo. A súa investigación centrouse inicialmente no xogo da igrexa católica en España no século XX o que deu paso a estudar o internacionalismo e as redes transnacionais en Europa, a Santa Sé e USA entre 1898 e 1959. Así mesmo, prestou atención ás redes mundialistas inspiradas ou lideradas por Salvador de Madariaga entre 1927 e 1950. Foi profesor convidado na Aoyama Gakuin University (Xapón) e tivo estancias de investigación en Italia, USA, Portugal, Brasil, Chile e Uruguai. É coordinador desde 2023 do Grupo de Investigación de Referencia Competitiva da UdV HC1 e presidente da Asociación Española de Historia Relixiosa Contemporánea. o seu último libro é World Citizen. Salvador de Madariaga y las redes pioneras del mundialismo, Sílex, amais de unha ducia de artigos en revistas de referencia.
---	---	---

Financiado con:



UNIÃO EUROPEIA

Fundo Europeu de
Desenvolvimento Regional

 CONFERENCIA RAMÓN ARNABAT  Guerra Total y Guerra Aérea: los bombardeos sobre Barcelona durante la Guerra Civil española (1936-1939) Facultade de Xeografía e Historia Mércores 13 de marzo de 2024. 19:00 h. Aula 10 GRUPO HISTAGRA 2023-2024 Colabora 	Relator: Ramón Arnabat (URV) Título: Guerra Total y Guerra Aérea: los bombardeos sobre Barcelona durante la Guerra Civil española (1936-1939) Día: 13/03/2024 Hora: 19 h. Lugar: Facultade de Historia. Aula 10	Reseña biográfica Doutor en Historia e profesor e investigador da URV. As súas liñas de investigación son: Movimentos sociais na Cataluña contemporánea, a crise do Antigo Réxime en Cataluña (séculos XVIII-XIX), Cataluña e España no século XIX, revolución e contrarrevolución no século XIX en Europa, a Segunda República e a Guerra Civil Española, o primeiro Franquismo (1939-1959) e a loita pola democracia (1969- 1979).
---	---	---

Financiado con:



UNIÃO EUROPEIA

Fundo Europeu de
Desenvolvimento Regional

ESCOLMA DE FOTOGRAFÍAS

RELATORIO DE QUERALT SOLÉ



Financiado con:



UNIÃO EUROPEIA

Fundo Europeu de
Desenvolvimento Regional

RELATORIO DO EQUIPO DO PLAN DE MEMORIA DEMOCRÁTICA DE GALICIA



Financiado con:



UNIÃO EUROPEIA

Fundo Europeu de
Desenvolvimento Regional

RELATORIO DE JOSÉ RAMÓN RODRÍGUEZ LAGO



Financiado con:



UNIÃO EUROPEIA

Fundo Europeu de
Desenvolvimento Regional

PROTAGONISTAS



Financiado con:



UNIÃO EUROPEIA

Fundo Europeu de
Desenvolvimento Regional